



**CLUB DO MAR DE BUEU-TECCARSA**

Nave de Deportes Náuticos.

Pescadoira s/n. 36930 Bueu

Apartado correos nº 79.

Tfn: **696 444 912**

e-mail: [clubdomarbueu@gmail.com](mailto:clubdomarbueu@gmail.com)

## **XI BANDEIRA DE BATEIS CONCELLO DE BUEU**

**ORGANIZA:** Club do Mar Bueu-Teccarsa.

**PATROCINA:** Concello de BUEU

**LUGAR DE CELEBRACIÓN:** Escollera Porto de Bueu

**DATA:** Sábado 27 de marzo de 2021, ás 16:00 h.

### **Reunión delegados as 15:00 h nas instalacións da Lonxa de Bueu**

**MODALIDADE REGATA:** A regata desenrolarase en liña, en quendas lanzadas da mesma categoría cun intervalo de un minuto, e con cinco minutos entre as distintas categorías, salvo petición expresa dalgún club participante na seguinte quenda. Haberá rabiza para auxiliar a saída.

**ORDEN DE SAÍDA:** Alevín feminina; Infantil feminina; Cadete Feminina, Xuvenil feminina; Absoluta feminina; Alevín masculino; Infantil masculino; Cadete masculino; Xuvenil masculino; Senior masculino.

**NORMATIVA:** A regata desenvolverase conforme a normativa vixente para regatas de bateis da Federación Galega de Remo e estará arbitrada por dita Federación.

Ao mesmo tempo ante a situación sanitaria ante o COVID-19 a realización desta proba cumpre co Protocolo Fisiocovid-DXTGALEGO de medidas fronte a Crise Sanitaria do Covid-19 no deporte do Remo, da Federación Galega de Remo e aprobado pola Secretaría Xeral do Deporte da Xunta de Galicia.

**TROFEOS:** Estableceranse como premios dúas bandeiras (feminina e masculina) para os clubs con maior puntuación, seguindo a seguinte escala:

|                                 |                                 |
|---------------------------------|---------------------------------|
| 1º clasificado: <b>8 puntos</b> | 5º clasificado: <b>3 puntos</b> |
| 2º clasificado: <b>6 puntos</b> | 6º clasificado: <b>2 puntos</b> |
| 3º clasificado: <b>5 puntos</b> | 7º clasificado: <b>1 punto</b>  |
| 4º clasificado: <b>4 puntos</b> |                                 |

Puntuarán para á bandeira só os **equipos A**, os cales serán os que esten nas tandas correspondentes polas posicións acadadas na anterior regata. Poden participar equipos mixtos, os cales non puntuarán. Si algún club compite non respetando as normas, e non o comunica na reunión de delegados, será descalificado para optar ós premios.

No caso de empate será para o club con máis vitorias. No caso de seguir empatados contarán os segundos postos, e así sucesivamente. E de persistir o empate levaría a



TECCARSA

CLUB DO MAR DE BUEU-TECCARSA

Nave de Deportes Náuticos.

Pescadoira s/n. 36930 Bueu

Apartado correos nº 79.

Tfn: 696 444 912

e-mail: [clubdomarbueu@gmail.com](mailto:clubdomarbueu@gmail.com)

bandeira o club que tivese a menor suma de todos os tempos. Tanto para a puntuación como para a suma dos tempos unicamente contará o batel declarado como equipo "A" de cada club por categoría.

Haberá medallas para as tripulacións dos tres primeiros clasificados en cada categoría.

**AUTORIZACIÓNS:** O Club do Mar Bueu-Teccarsa conta para esta proba cos permisos pertinentes expedidos por Capitanía Marítima e Costas. No caso de que algunha destas entidades dera indicacións de non poder celebrar o evento en Bueu, comunicárase os clubs participantes un día antes da regata.

Si non se puidera realizar a regata o Club non se fai responsable da suspensión da regata.

**RESPONSABILIDADE:** Os clubs participantes regatearán baixo a súa total e exclusiva responsabilidade. Ésta non corresponderá ó Club do Mar Bueu-Teccarsa nin ós seus patrocinadores no caso de acontecer algún tipo de accidente antes, durante ou despois da celebración da regata.

En todo o non especificado na presente normativa, estarase ó recollido na Normativa de Banco Fixo da Federación Española de Remo.

| <b>Mareas</b> | Hora  | Altura |
|---------------|-------|--------|
| Preamar       | 15:14 | 3.5    |
| Baixamar      | 21:14 | 0.5    |

## A PARTICIPACIÓN NA REGATA IMPLICA A ACEPTACIÓN DAS PRESENTES NORMAS

